

SERAFÍN GONZÁLEZ BIÓLOGO DO CSIC E PRESIDENTE DA SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Membro da Sociedade Galega de Historia Natural desde 1980 e presidente da mesma desde o ano 95, o biólogo do Centro Superior de Investigacións Científicas Serafín González posúe a

experiencia necesaria para mirar os problemas medioambientais de Galicia desde unha perspectiva privilexiada. Para o dirixente da entidade ecoloxista, os xestores da cousa pública na comuni-

dade padecen de “cortedade de miras”, filosofía do desastre que deu como froitos actuacións tan lamentables como o caos urbanístico e a multiplicación irracional e prescindible de infraestruturas.

“Galicia nunca debeu ter dous portos exteriores tan próximos entre si”

ENTREVISTA DE JOSE GÓMEZ

O biólogo Serafín González cre que Europa lle fixo moito ben a Galicia en materia medioambiental. “Boa parte do que melloramos é consecuencia directa da nosa entrada na UE”, afirma, “non, lamentablemente, dunha evolución da sensibilidade da sociedade nin froito dunha maior concienciación da nosa clase política e dos nosos dirixentes”.

—En que avanzamos trala entrada na Unión?

—En que se fixo obrigatorio incorporar á lexislación española un grande elenco de directivas e de normativas de marcado carácter ambiental, como os estudos de impacto ambiental, malia que en moitas ocasións están desvirtuados e convertidos en papel mollado, nun trámite que ás veces non se acaba de cumprir: nisto hai exemplos lamentables de estudos de impacto ambiental con datos falseados pero aprobados. A Directiva Hábitats foi outra vantaxe porque deu lugar a toda a protección dos Lugares de Interese Comunitario (LIC) da Rede Natura 2000, á que Galicia chegou tarde, mal e arrastro, e seguimos así, pois estamos a piques de ser apercebidos por non ampliá-la. Outro avance foi a Directiva Aves, decisiva para a protección legal de moitos lugares de Galicia como Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA). Lamentablemente, tamén neste caso, tarde, mal e arrastro, pois a UE tivo que emitir unha sentenza condenatoria contra o Reino de España polo seu incumprimento.

—É o mesmo caso que a directiva marco sobre auga?

—Esa directiva supón un grande avance na xestión dun recurso escaso como é a auga e duns ecosistemas de moito valor. Lamentablemente, a recén promulgada Lei de Augas de Galicia non transpón, ao noso entender, de xeito real e eficaz esa lexislación. Esas son as nosas rémoras: que os nosos xestores políticos non están a implementar e a pór en práctica en condicións toda esa normativa que deriva da UE.

—Toda esta inadaptación ás normas europeas, os adiamentos continuos, etc., débense só a intereses económicos?



Serafín González leva máis de trinta nos vencellado á SGHN, entidade que preside desde 1995

PEDRO PUIG

—En boa medida débese á cortedade de miras. Noutros casos, por intereses particulares que poden estar interrompendo ou ralentizando esa declaración. Pero o que non ten ningún sentido é que se despilfarrara ou que se perdera a oportunidade que nos deron os fondos europeos, de tal xeito que aínda hoxe, por exemplo, as rías de Ferrol, A Coruña e Vigo teñan unha depuración das augas residuais urbanas deficiente ou moi deficiente; tanto, que agora hai problemas para comercializar marisco dalgunhas zonas porque non é apto para o consumo humano. Cal é aí o interese económico? En troques de investir en paseos marítimos e portos deportivos, para o cal sempre hai cartos, deberían terse depuradas todas as augas residuais, porque ninguén vai querer marisco dunha zona con augas fecais, ninguén se vai querer bañar nela e seguro que tampouco vai querer pasear no seu iate. A medio prazo, a conservación do medio ambiente en condicións significa calidade de vida e bonanza económica.

—Ao seu xuízo, cales foron as aberracións máis grandes con respecto ao patrimonio natural?

—Desde un punto de vista xenérico hai dous problemas crónicos: os incendios forestais e a carencia dun modelo de ordenación do territorio racional e respectuoso para un uso sustentable dos recursos. Ese déficit, ese “ti vai facendo”, deu pé a todas as aberracións urbanísticas que se desenvolveron no litoral e na periferia das cidades. A explotación de recursos naturais —minería, parques eólicos ou plantas de acuicultura— derivan desta carencia de ordenación do territorio.

En canto a exemplos puntuais, unha das máis grandes barbaridades no litoral é a construción de dous portos exteriores separados 17 quilómetros, o de Ferrol e o da Coruña. Son dúas infraestruturas carísimas, moi impactantes, que van competir entre si e que supuxeron un debaldimento de recursos económicos e un gran perxuízo ecolóxico: Galicia nunca debeu ter dous portos exteriores

máis perto en liña recta da distancia que hai entre dúas saídas dunha autopista. Ese é un exemplo paradigmático do que non se debe facer no litoral. Logo hai pasividade, como non construír as depuradoras, pero se falamos dunha actuación negativa, é esa. É insostible dous portos exteriores porque, ademais, ningún deles está nun emprazamento 100% idóneo. Café para todos, portos exteriores para todos, aeroportos para todos, pero, sen embargo, non hai depuradoras para todos, nin zonas verdes para todos. Esa é unha actuación indefendible na beiramar.

—Unha das intervencións máis nefastas para vostede é a lagoa de Antela...

—Hoxendía, os terreos da antiga lagoa son unha zona húmida desecada na que os cultivos se teñen que regar no verán porque, se non, non son produtivos. As instalacións de rego están sobrelevadas con respecto ao terreo para evitar esas andanadas das inundacións invernales: ese é o sensentido absoluto das actuacións que

EXEMPLO ÚNICO

En ningún outro lugar de Europa se permitiría a aberración que se fixo coa ferverenza do Xallas

se desenvolven nunha zona agrícola. Outro caso é a ferverenza do Xallas, un río que desemboca ao mar en cascada. Probablemente en ningún outro lugar de Europa consentiría a opinión pública nin permitirían os seus gobernantes que esa ferverenza estivese a meirande parte do ano seca por un aproveitamento hidroeléctrico que non ten nome e que roubou a a todo o mundo un exemplo natural único.

—Logo hai que deducir que a opinión pública é en parte culpable por non responder ante estas intervencións...

—Efectivamente. Se houbera unha maior sensibilidade ambiental na cidadanía, unha maior responsabilidade nas súas actuacións e unha presión cidadá máis forte, sen dúbida ningunha obrigáralos aos políticos a actuar doutro xeito, aínda que só fora pola oposición dos votantes, porque a iso normalmente téñenlle bastante medo.

—Mantivo a SGHN o nivel de afiliación e participación nesta década e media?

—Neste tempo conseguimos manternos, o que non é pouco tendo en conta a nosa independencia económica e política. É un esforzo constante ter 37 anos de historia e manterse neste país con tan pouca vertebración social e tan pouca participación e compromiso social. Sobrevivir este tempo só cos nosos propios recursos ten moito mérito. Comparando España co Reino Unido, neste o nivel de asociacionismo ambiental é da orde de 50 a 80 veces maior. E así de diferentes as cousas nun sitio e noutro. Con todo, a SGHN mantense, desenvolve máis actividades e está cada vez máis presente con ese punto de vista sensato, dialogante e construtivo de cara a ir conseguindo entre todos incrementar a sensibilidade ambiental e ir mudando as actitudes que son manifestamente lesivas para o noso medio e para o noso futuro como sociedade.